



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA ESTRADA E A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA.

A Estrada a Once de Febreiro de dous mil dezaseis

### REUNIDOS

Dunha parte **D. José López Campos , Alcalde do Excmo.Concello da Estrada** , , con D.N.I.: 52.472.456-X, en representación do mesmo, con facultades suficientes para este acto.

Doutra, **Don Francisco Conde López** , Conselleiro de Economía,Emprego e Industria da Xunta de Galicia,nomeado para o dito cargo por Decreto 124/2015 ,do 4 de Outubro,actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983,do 22 de febrero,de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,modificadas polas leis 11/1988, do 20 de Outubro;7/2002 ,do 27 de decembro;2/2007 do 28 de Marzo e12/2007 do 27 de Xullo; e tamén polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de Marzo de 1991, publicado por Resolución da Conselleria de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991(DOG núm.82, do 30 de Abril do 1991).

### MANIFESTAN:

Que, o Concello da Estrada, a través da alcaldía e a Fundación de Exposicións e Congressos, co obxecto de financiar o funcionamento xeral da entidade, estiman necesario o desenvolvemento dunha serie de actuacións para acadar certos obxectivos,

Que a cooperación entre o Concello e a Fundación de Exposicións e Congressos para cumprimento de obxectivos comúns, require, para garantir a súa eficacia o establecemento de instrumentos formais, caso do presente convenio.

Por iso, e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente,



## OTORGAN

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes CLÁUSULAS:

### PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada e a Fundación de Exposicións e Congresos.

### SEGUNDA

As actuacións a desenvolver por parte da Fundación de Exposicións e Congresos son as consistentes na colaboración co Concello para a dinamización do sector mobleiro na zona: promoción,divulgación,fomento da actividade empresarial da comarca,apertura de mercados no exterior,etc.

### TERCEIRA

O Concello da Estrada, realizará unha achega económica de 21.000 euros a través da subvención nominativa á Fundación de Exposicións e Congresos incluída no Orzamento Municipal-Exercicio 2016, para o cumprimento dos fins deste convenio..

### CUARTA

Os asinantes deste convenio comprométense a cumprir todo o estipulado no mesmo e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha Comisión de seguimento(de composición paritaria) que se constituiría a demanda de calquera das súas partes.

### QUINTA

O presente convenio terá vixencia durante o ano 2016.

Así conveñen e outorgan e, tras a correspondente lectura, e en proba de conformidade, asinan dos representantes das partes, en duplicado exemplar e a un único efecto o presente convenio, no lugar e data indicado no encabezamento.

Polo Concello da Estrada

Pola Fund.Exposicións e Congresos

D. José López Campos

D.Francisco Conde López

